

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 15655 (10/PNC-001349)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de atención ás persoas en listas de espera para unha avaliación, así como para a materialización das axudas recoñecidas ao abeiro da Lei de dependencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017
- 1.2 53690 (10/PNC-004278)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que o Centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa público, de xestión pública e que funcione no 2020, así como solucionar a falla de prazas mentres o centro non estea aberto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.3 57649 (10/PNC-004589)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e tratamento da obesidade e dos trastornos da alimentación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 1.4 59145 (10/PNC-004709)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos riscos que supón para a saúde humana a presenza de amianto nas edificacións e infraestruturas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- 1.5 59252 (10/PNC-004727)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodríguez Arias, Marta e 8 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da súa colaboración económica para garantirles a gratuidade da educación infantil no tramo de idade de 0 a 3 anos a todas as familias galegas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019

1.6

59335 (10/PNC-004734)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 572, do 04.12.2019

1.7

60087 (10/PNC-004803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asistencia sanitaria en atención primaria que se está a prestar no concello da Guarda e a solicitude de xuntanza co conselleiro de Sanidade formulada polos representantes municipais dos concellos do Baixo Miño afectados

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 581, do 23.12.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Marta
María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Marta María Rodríguez-Vispo
Rodríguez,
email=marta.rodriguez.vispo.rodri
guez@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2020.01.09 10:28:26 +01'00'

Marta María
Rodríguez-
Vispo Rodríguez





Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 10:28:26



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	GCE
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 15655(10/PNC-001349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de atención ás persoas en listas de espera para unha avaliación, así como para a materialización das axudas recoñecidas ao abeiro da Lei de dependencia

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15655
Data envío: 07/09/2017 11:06:12.738

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa as demoras tanto na avaliación como na concesión das prestacións as persoas en situación de dependencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñécíase o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co “limbo da dependencia”, a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15655

Data envío: 07/09/2017 11:06:12.738

Mais a realidade é que a concreción dos dereitos recoñecidos na Lei non se están a facer nin en tempo nin en forma. Falta de orzamentos e de persoal suficientes, poucos medios, trámites burocráticos excesivos, colapsos en moitos dos servizos de xestión e atención...

Isto está a xerar retrasos escandalosos na resolución dos expedientes, e como consecuencia no recoñecemento e concesión das prestacións ás que as persoas en situación de dependencia teñen dereito.

A lexislación en vigor, establece 3 meses para facer valoración de grao de dependencia, dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para instrución e resolución do expediente, máis outros tres meses dende a resolución de grao e nivel para facer o PIA (Proposta Individual de Atención), é dicir asignación de recurso de atención.

Está a ser sistemático o incumprimento dos prazos de resolución. Expedientes sen resolver incluso durante anos cando a lexislación establece o prazo de meses. Segundo a información da que dispón o BNG a Xunta de Galiza está a tardar en rexistrar as solicitudes de dependencia unha media de 3 meses, acelerando só emerxencias e crianzas de menos de 3 anos.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha de xeito inmediato un plan de atención as persoas en listas de espera tanto para unha



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15655
Data envío: 07/09/2017 11:06:12.738

avaliación como para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei de Dependencia, coa dotación orzamentaria e de recursos materiais e humanos preciso.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 10:49:13

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 10:49:19

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 10:49:26



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:06
Nº Rexistro: 15655
Data envío: 07/09/2017 11:06:12.738

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 10:49:30

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 10:49:33

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 10:49:36

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 53690(10/PNC-004278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que o Centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa público, de xestión pública e que funcione no 2020, así como solucionar a falla de prazas mentres o centro non estea aberto

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:00:11
Nº Rexistro: 53690
Data envío: 12/08/2019 10:00:11.739

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinação que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma Procap Ourense (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos nais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que compre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de concreción a respecto de cando se construíra o mesmo, o número de prazas do

CSM:REXISTRO08hKASV4Qq3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:00:11
Nº Rexistro: 53690
Data envío: 12/08/2019 10:00:11.739

que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Tralas protestas, non soamente das nais e pais e de toda a esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron as rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíría nun solar de 4 600 metros cadrados cedido polo Concello de Ourense, situado no barrio de Barrocás.

En setembro de 2018 a daquela directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na actualidade conselleira de Política Social, presentaba en Ourense o proxecto elixido polo xulgado entre os 15 que optaban a ser o futuro centro residencial e de atención a persoas con discapacidade de Ourense, que corresponde a idea “Asiste.00” de Iglesias Veiga Arquitectos de A Coruña, que terá un custo de 5,5 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, contempla un investimento de 600.000 euros para a construción deste centro.

O 16 de xaneiro de 2019 aprobábase sen modificacións e por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista coa seguinte parte resolutiva:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Licitar a obra do centro de atención para persoas con diversidade funcional de Ourense para maiores de 21 anos antes de maio do ano 2019, así como que estean listos os pregos que rexerán o procedemento de adxudicación da mesma e o seu equipamento.*
- 2. Comprometerse firmemente para que o CAPD de Ourense estea a pleno rendemento no ano 2020.*
- 3. Adoptar de maneira urxente todas as medidas precisas para solventar, mentres o CAPD de Ourense non estea a pleno rendemento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade En Ourense”.*

A conselleira de Política Social presentaba en Ourense o pasado 31 de xullo o proxecto do centro de atención a persoas con diversidade funcional, onde anunciou tamén que a licitación da actuación terá lugar no mes de setembro cando se aprobe no Consello da Xunta a autorización para enviar o procedemento ao Boletín Oficial da Unión Europea.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 10:00:11
Nº Registro: 53690
Data envío: 12/08/2019 10:00:11.739

O 3 de agosto representantes da plataforma Procap reuníronse co director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e a delegada da Xunta en Ourense, para coñecer polo miúdo o proxecto do futuro centro de atención para persoas con diversidade funcional. Trala xuntanza, a plataforma amosou a súa preocupación pola posibilidade de que a Xunta de Galicia teña previsto que o centro non sexa 100 % de xestión pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que o futuro de Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense sexa público e de xestión pública, así como atendido por empregados e empregadas públicas.
2. Comprometerse firmemente para que o Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense estea a pleno rendemento no ano 2020.
3. Adoptar de maneira urxente todas as medidas precisas para solventar, mentres o Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense non estea a pleno rendemento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade en Ourense.

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 09:49:33

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 09:49:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/08/2019 09:49:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 57649(10/PNC-004589)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e tratamento da obesidade e dos trastornos da alimentación

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 70 por cento das persoas que sufriron un infarto tiñan o colesterol alto e o 25% das mortes por doenzas cardíacas son por esta causa. Segundo o xefe do servizo de Cardioloxía do CHUS, o LDL (Low Density Lipoprotein) afecta a un 30 % das persoas infartadas e a máis da metade das diabéticas.

Galiza lidera o ranking da obesidade infantil no Estado. Segundo o Ministerio de Sanidade, Galiza presenta a taxa máis alta de sobrepeso do Estado cun 43,5 % da poboación afectada e ocupa o segundo posto de obesidade co 39,3 %. Ademais, segundo o Programa Xermola da Xunta, unha de cada 3 crianzas entre os 6 e os 15 anos presenta índices de masa corporal compatibles con sobrepeso ou obesidade.

O sobrepeso e a obesidade están relacionadas con múltiples enfermidades: enfermidade cardiovascular, maior incidencia en varios tipos de cancros, artrose, apnea do sono, infertilidade, fígado graxo, depresión e outras enfermidades psiquiátricas.

Tendo en conta que o colesterol elevado é moi frecuente en Galiza e que o sobrepeso e obesidade afectan a case o 45% da poboación, urxe tomar medidas que revertan esta situación.

A educación é clave. Educar en estilos de vida saudables baseados no exercicio físico regular e nunha dieta “libre alimentos procesados e con azucre engadido” e rica en “froitas, verduras, cereais enteiros, aceite de oliva, ...”





Pero malamente poderemos educar en estilos de vida saudables se a actuación da Administración contradí ditas mensaxes. Non será posible mentres os e as menores poidan adquirir nos seus centros de estudo alimentos e bebidas con alto contido en azucre, en ácidos graxos saturados, en graxas trans, sal e calorías, mentres lles resulta imposible adquirir froita, leite ou un bocadillo.

Imposible educar para a saúde cando nas máquinas de *vending* dos hospitais só podemos adquirir zumes procesados, bebidas con alto contido en azucre, patacas fritidas industriais, chocolates, pastelería industrial ou sándwich procesados, pero ningunha mazá ou un iogur (sen azucre).

Como podemos educar para a saúde se cando estamos ingresadas nun Hospital comprobamos que o almorzo inclúe cacao en po, boleiría industrial, galletas industriais, marmelada industrial e, por se foran poucos glúcidos, un sobre de azucre? Outra vez, a froita non aparece. E para a merenda repetimos: zume industrial, máis galletas, iogur azucrado.

No último lustro o número de galegos e galegas que consumen de maneira habitual comida lixo case se ten duplicado. En 2012 o 12 por cento da poboación recorría á pratos precociñados ou comida rápida ao menos unha vez á semana; en 2017 xa supuña o 23 por cento.

O mesmo ocorre coas bebidas azucradas. En 2012 o 25,7 por cento da poboación tomaba unha destas bebidas ao menos unha vez por semana. En 2017 ascendera ata o 28,3 por cento.

O consumo habitual de doces medrou un 40 por cento. En 2012 o 45% da poboación galega comían boleiría ou pasteis máis dunha vez por semana; en 2017 xa representaban o 60% da poboación.

Mentres, o 40% dos galegos non toma froita a diario, cando hai cinco anos situábase no 35%. En 2012, un 33% da poboación comía verduras, ensaladas e hortalizas a diario; en 2017 só as consumen o 6 %.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 18:14:23
Nº Registro: 57649
Data envío: 15/10/2019 18:14:23.452

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, no prazo máximo de 6 meses, un inventario de máquinas expendedoras de alimentación en centros públicos da Xunta, hospitais, centros de saúde e centros educativos.
2. Impedir a venta de alimentos e bebidas con alto contido en azucre, ácidos saturados e trans, sal e calorías en hospitais, centros de saúde e centros educativos, apostando por fórmulas de venta de produtos saudables.
3. Dirixirse á CRTVG para que elimine toda publicidade de produtos alimentarios e refrescos hipercalóricos e de escaso valor nutricional.
4. Aumentar os recursos públicos do SERGAS para tratamento de trastornos da alimentación.
5. Reforzar a Atención Primaria para que cumpra co seu papel esencial na prevención da obesidade e dos trastornos da alimentación.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

CSX REGISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 18:14:23
Nº Rexistro: 57649
Data envío: 15/10/2019 18:14:23.452



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 15/10/2019 18:13:21

Luis Villares Naveira na data 15/10/2019 18:13:33

CSX: REXISTROX7H4RQ586
Vázquez
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 59145(10/PNC-004709)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos riscos que supón para a saúde humana a presenza de amianto nas edificacións e infraestruturas

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2019 17:08:47
Nº Rexistro: 59145
Data envío: 20/11/2019 17:08:47.325

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O amianto é un axente químico canceríxeno que está presente en materiais tradicionalmente empregados na construción de edificios, tubarías, paredes, depósitos de auga, etc. Actualmente a súa comercialización e uso están prohibidos, aínda que o asunto abórdase principalmente dende unha óptica laboral en relación a súa normativa e seguridade ou como unha enfermidade profesional, que tras moitos anos de loita comprobouse como afectaba e cales eran as gravísimas consecuencias na saúde dos traballadores e traballadoras afectadas e das súas familias.

Con todo, a situación co amianto debe ser considerada e abordada como un problema de saúde pública, máis aínda si temos en conta a cantidade de edificios públicos como colexios ou edificios privados que conteñen amianto. Expertos na materia están a advertir do grave risco do axente non só en relación á rotura do mesmo si non a súa vida útil, que se calcula entorno aos 30 e 40 anos.

O amianto foi empregado en maior cantidade entre os anos 60 e 90, polo que é posible que tanto por antigüidade como por exposición a axentes climatolóxicos estea chegando xa ao fin da súa vida útil.

Ante as consecuencias para a saúde que pode causar esta exposición, tales como

CSM-REXISTROD\FB1145
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2019 17:08:47
Nº Rexistro: 59145
Data envío: 20/11/2019 17:08:47.325

canro, asbestose ou outras doenzas respiratorias, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un mapa dinámico en colaboración coas administracións locais e particulares sobre a presenza do amianto nas edificacións e infraestruturas de Galicia.
- Planificar a localización e posterior retirada do amianto dos edificios públicos de Galicia en colaboración coas diferentes Administracións que se poidan ver afectadas.
- Estudar a posta en marcha dunha liña de axudas para a retirada do amianto das vivendas de propiedade privada.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/11/2019 16:58:21

José Manuel Lago Peñas na data 20/11/2019 16:58:26



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 59252(10/PNC-004727)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 8 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da súa colaboración económica para garantirlles a gratuidade da educación infantil no tramo de idade de 0 a 3 anos a todas as familias galegas

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Poral, Miguel Tellado Filgueira e Jackeline E. Fernández Macías**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O presidente a Xunta deu a coñecer o pasado 21 de outubro a Axenda cos 25 asuntos máis urxentes e prioritarios de Galicia que o próximo Goberno de España debe atender nos primeiros meses da seguinte lexislatura, con independencia de como se configuren as Cortes Xerais.

Con esta Axenda Galicia o Executivo galego clarifica, transparente e publica as necesidades prioritarias da Comunidade para o próximo Goberno central.

Os 25 asuntos da Axenda Galicia enmárcanse en cinco eixos: lograr un financiamento máis xusto; cumprir os compromisos adquiridos en canto ás infraestruturas pendentes; defender sectores estratéxicos para a nosa economía, especialmente de tipo industrial; traballar conxuntamente para cumprir cos servizos públicos; e os compromisos do Goberno central para os Anos Santos de 2021, 2027 e 2032.

Dentro do obxectivo de mellora dos servizos públicos, é necesaria a colaboración económica do Goberno central para que a gratuidade das escolas infantís chegue ao 100% das familias galegas.

Na actualidade, a Xunta de Galicia, sen ningún cofinanciamento estatal, introducirá o ano que vén a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos para os segundos fillos e sucesivos en todas as escolas infantís de Galicia.





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 17:44:22
Nº Rexistro: 59252
Data envío: 21/11/2019 17:44:22.067**

Para poder estender a gratuidade a todas as familias galegas e ao 100% das prazas e das nenas e nenos, é necesario o compromiso do Goberno central.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado a Colaboración económica para garantir a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2019 17:41:34

Marta Rodríguez Arias na data 21/11/2019 17:41:48

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2019 17:42:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/11/2019 17:42:21

María Ángeles García Míguez na data 21/11/2019 17:42:39

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 21/11/2019 17:42:49

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/11/2019 17:42:55

María Soraya Salorio Porral na data 21/11/2019 17:43:28

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/11/2019 17:43:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/11/2019 17:43:50



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 59335(10/PNC-004734)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, 572, 04.12.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2019 11:29:30
Nº Rexistro: 59335
Data envío: 25/11/2019 11:29:30.736

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ao desmantelamento do Hospital Comarcal de Verín por parte da Xunta de Galiza e ás súas necesidades de rectificación respecto da decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro de 2019 unha delegación da dirección da EOXI de Ourense, Verín e Valdeorras liderada polo xerente, Félix Ruibal, comunicaba ás e aos profesionais do Hospital de Verín que a partir do 1 de decembro non se prestarían os servizos de paritorio nin tampouco habería gardas de pediatría hospitalaria.

Esta decisión chega despois dunha longa lista de agravios con este Hospital, e ás portas dunha mobilización anunciada para o 30 de novembro despois dos acontecementos respecto da área de dermatoloxía e as sospeitas da situación futura da cociña.

A nefasta política sanitaria da Xunta de Galiza e a súa folga de ruta intensificada a partir da aprobación da reforma da lei de saúde do noso país están a levar a unha situación límite hospitais coma o comarcal de Verín.

CSM-REVISITROLXIXud88
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2019 11:29:30
Nº Rexistro: 59335
Data envío: 25/11/2019 11:29:30.736

Esta situación non se sostén e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego rexeitamos as desculpas técnicas ofrecidas polo SERGAS, que só busca aproveitar as dificultades da falta de especialistas en pediatría, unhas dificultades nas que principalmente podemos destacar a mala previsión da Xunta de Galiza, que ignora a previsión de xubilación dos facultativos, e as deficientes condicións que ofrecen ás e aos profesionais que acaban marchando a outras partes de Galiza ou do Estado. Máis aínda, é ridículo que se venda como máis seguro que as mulleres que rompen augas viaxen como mínimo unha hora até Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa decisión de suprimir o servizo de paritorio e desmantelar as urgencias pediátricas do Hospital de Verín así como a reunirse de forma inmediata coa comunidade hospitalaria de Verín de cara a fixar o calendario e orzamento necesario para o cumprimento das súas demandas, comprometéndose a ofrecer un servizo de calidade a comezar polo mantemento do catálogo de servizos do hospital, para o que deberá subsanar de forma inmediata as deficiencias de cirurxía, dermatoloxía, paritorio e pediatría hospitalaria.”

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2019 11:29:30
Nº Rexistro: 59335
Data envío: 25/11/2019 11:29:30.736

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/11/2019 11:21:14

Xosé Luis Bará Torres na data 25/11/2019 11:21:24

María Montserrat Prado Cores na data 25/11/2019 11:21:30

Olalla Rodil Fernández na data 25/11/2019 11:21:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/11/2019 11:21:46

Ana Pontón Mondelo na data 25/11/2019 11:22:04



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 60087(10/PNC-004803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asistencia sanitaria en atención primaria que se está a prestar no concello da Guarda e a solicitude de xuntanza co conselleiro de Sanidade formulada polos representantes municipais dos concellos do Baixo Miño afectados

Publicación da iniciativa, 581, 23.12.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 60087
Data envío: 16/12/2019 16:00:36.303

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, que continúa, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de atención primaria do área sanitario de Vigo, a máis grande de Galicia.

A Xunta de Galicia ven de desenvolver un proceso de lavado de cara coa conformación de comisións de traballo que, supostamente, terían a capacidade de modificar as ineficiencias do sistema e ofrecer solucións para unha reformulación do modelo de atención primaria. Non en tanto, o desencanto parece terse consolidado, co anuncio xa de medidas antes de recibir as conclusións, e coa non concreción a través dos orzamentos dun modelo real de transformación e de afrontamento os problemas reais de precariedade e déficit en volume de RR.HH., así como unha necesidade de reorganizar a primeira e darlle máis peso dentro do global do sistema sanitario.

O concello de A Guarda é un caso notorio onde estes problemas están a ser evidenciados, o que prexudica a atención e oferta asistencial aos seus veciños/as. A non cobertura de ausencias, ben sexa por baixas ou vacacións, deriva nunha saturación profunda dos profesionais que, sen axuda da consellería que repaña

CSM-REXISTROGGZw6w4L7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 60087
Data envío: 16/12/2019 16:00:36.303

profesionais ou que inclúa novas solucións, ven como deben asumir o volume das súas consultas e o daquelas que non teñen, no día concreto, profesional que as atenda. Isto provoca saturacións de máis de 50 ou 60 citas nun día. A saturación dos centros deriva, ademais, nunha chegada masiva aos servizos do PAC da cidadanía que non ve resoltos os problemas no centro de saúde, e incluso acaba achegándose a urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, a unha hora de distancia pola ausencia das infraestruturas de comunicación que o propio Goberno da Xunta de Galicia non executa a pesares dos anuncios repetidos ano tras ano.

En A Guarda é habitual que non poidan estar cubertas as 8 prazas de medicina familiar e comunitaria do centro de saúde, estando en moitas ocasións so a metade na quenda de mañá ou de tarde. Tamén a necesidade demandada por profesionais, usuarios e diversos colectivos da comarca dun equipo máis no PAC de A Guarda supón unha reivindicación de tempo.

Este problema está causando malestar entre a cidadanía que demanda unha solución ao problema. Existiron diversos procesos de mobilización, entre os que consta unha recollida de sinaturas iniciada por veciños que chegou ás 2500 sinaturas, así como un acordo da Mancomunidade do Baixo Miño para solicitar unha xuntanza co conselleiro de Sanidade, así como un acordo da corporación municipal de A Guarda no mesmo sentido. Non existe contestación aínda por parte da Consellería, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a correcta e plena asistencia sanitaria en atención primaria para o Concello de A Guarda no seu centro de saúde e a dotación dun novo equipo de profesionais para o PAC da localidade, que da servizo a outros concellos lindantes.
2. Atender á solicitude de xuntanza co conselleiro de Sanidade dos representantes municipais dos concellos afectados no Baixo Miño, para aclarar a situación e ofrecer a información sobre as medidas que a Consellería considera necesarias neste escenario.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2019 16:30:00
Nº Registro: 60087
Data envío: 16/12/2019 16:00:36.303

Pazo do Parlamento, 16 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/12/2019 15:52:56

Noela Blanco Rodríguez na data 16/12/2019 15:53:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/12/2019 15:53:17



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es